Ergamos a nosa voz contra as guerras e xenocidios que desgarran comunidades, pobos e territorios. Esiximos un cese inmediato de calquera acción bélica, ameazas que se ceban especialmente contra as mulleres, nenas e persoas non binarias. Condenamos as formas de violencia todas que atenten contra a diversidade e reafirmamos o noso compromiso cun feminismo inclusivo e transformador que cambie conciencias e constrúa un mundo libre, xusto e igualitario.

Poñemos no centro a vida das persoas todas, escagallando barreiras e construíndo pontes de solidariedade.

Porque temos motivos dabondo para seguir a loitar e construír un mundo mellor para as persoas todas!

XUNTAS SOMOS MÁIS FORTES

A LOITA NA RÚA FARANOS MÁIS CEIBES

VANOS A VIDA, VANNOS AS LIBERDADES

CGT

8M DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

MANIFESTO 8M 2025

Acabouse! Nin invisibles, nin precarias nin explotadas por coidar

As mulleres, que sostemos a vida, dicimos basta e tomamos as rúas para reclamar autonomía, xustiza social e a abolición dun sistema que nos asoballa. Poñemos no centro da nosa vida e da nosa loita os coidados porque sen eles non hai vida, non hai economía e non hai futuro. O sistema cis-heteropatriarcal e capitalista explotounos facéndonos asumir os coidados, facéndoos invisibles e relegándoos ás mulleres e identidades feminizadas. Este sistema sostense por mor dunha división inxusta: mentres unhas producen bens e servizos, outras tantas vense forzadas a soster a vida mediante o traballo reprodutivo e de coidados, sen remuneración, sen dereitos, explotadas, precarias e sen recoñecemento social. Baixo a escusa do amor e a obriga sociocultural, o capitalismo aprópiase do noso traballo para garantir a man de obra futura sen asumir os custos.

Negámonos a seguir sostendo soas, explotadas, precarias e invisibilizadas o traballo todo dos COIDADOS.

ESIXIMOS:

- Coidados como dereito fundamental: Un sistema de coidados público, comunitario, universal e de balde que garanta os dereitos todos para quen sostén a vida.

- Condicións laborais dignas tamén no sector dos coidados: Salarios xustos, convenios colectivos, estabilidade laboral e acceso á folga para as traballadoras do sector todas, incluíndo a eliminación da fenda de xénero nas pensións e o recoñecemento económico e social de quen dedicou a súa vida a coidar.

- Acceso a unha vivenda digna: Políticas xustas de vivenda alcanzable e acceso ós fornecementos básicos, perante a crisis habitacional.

- Protección perante calquera crise: Medidas de protección en momentos críticos, xa que as guerras, as crises económicas ou os desastres naturais, como a DANA de València, afectan de xeito desproporcionado sobre todo a mulleres e persoas en situación de vulnerabilidade.

Desde a CGT, tamén esiximos a fin da precariedade estrutural que nos condena á explotación e á desigualdade:

- Fin da división sexual do traballo e da fenda salarial e das pensións.
- Eliminación de calquera tipo de violencias cara ás mulleres, persoas disidentes, LGTBIQA+....
- Erradicación de trazos de xénero na saúde laboral e eliminación do machismo nas súas formas e manifestacións todas.
- Derrogación da reforma laboral e das pensións que nos condena a traballar máis aló das nosas capacidades.
- Derrogación da lei mordaza.
- Establecemento dunha renda básica das iguais e redución da xornada laboral a 30 horas.
- Visibilidade e representación equitativa de mulleres e persoas non binarias nos ámbitos todos.
- Unha sociedade non capacitista e inclusiva coa diversidade funcional e os corpos non normativos.
- Políticas reais de coeducación, formación e sensibilización en igualdade.
- Regularización de tódalas persoas migrantes e abolición da lei de estranxeiría. Peche dos CIEs e fin das deportacións.
- Medidas urxentes fronte a emerxencia climática.